

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / Saída: cando lle peta / Prezo: cunca albariño caseiro / Coordina: Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº71/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de agosto / Estado de vacacións en Pragueira

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



MELIDE. PRAIA NUDISTA

Unha pena que Melide, das primeiras praias nudistas de Galicia, agora estea reducida a un pequeno gueto e, aínda por riba, sufra a aparición das Gaivotas solitarias.

Foto: chistes21.com

Páx.1



A DORNA DE CESÁREO

É a única que queda en activo na Illa de Ons. Coidémola!!!

Páx. 1



PLACA CONMEMORATIVA DOS PINEIRONS

A mesa á que puxo nome Manolo Otero (Gharulo) e á que o seu fillo Manolito doou unha Placa Conmemorativa, sofre un cambio de nome por un iletrado asesoramento.

Páx. 2



O GRAN MAQUI abandonou por uns días o seu labor de organización das Festas de Ons e dedicouse a navegar por eses mares do mundo mundial.

Páx. 2



O 25 de Xullo, celebrese na Illa de Ons por todo o alto, con festa rachada galega.

Páx. 3

ARRANXO DOS CAMIÑOS

Segue a protesta dos veciños dos barrios de Canexol e Pereiró polo mal estado do camiño que pasa a rentes das súas casas.

Páx. 4



PROMESAS INCUMPRIDAS?

O ano pasado prometían unha gran sala Etnográfica e Arqueolóxica, aínda está como estaba. Será para o ano?

Páx. 6

CURIOSIDADES

Xa que o Parque non preparou a visita ao xacemento romano do Castro de Canexol. Cesáreo foi quen de sacar á luz unha "Calzada Romana"

Páx.5



PRAIA DE MELIDE. Praia nudista dende 1976

Que pena, que dende o ano 1995 a praia de Melide de Ons perdera ese carácter nudista que tiña ata hai 28 anos.


Dende a eliminación da zona de acampada, os que se consideraban nudistas daquela, agás algunha excepción, abandonárona e deixaron que os téxtiles foran gañando batallas ata ocupar máis do 90% da praia.

Como xa se escribiu nestas páxinas de Onstopus, teño claro que aquel non era un nudismo de conciencia, pois moitos dos que o practicaban e acampaban alí, pasaron á zona de acampada de Chan da Pólvora, pero, sen embargo, pasaron do nudismo e o seu sitio de asento foi un dos bares da Illa.

Tamén me estraña que os nudistas de Galicia, tendo en conta que Melide foi unha das primeiras praias que ostentaron esa categoría, a deixaran abandonada e non reivindicaran, en todos estes anos, seguir con esa categoría.

GAIVOTAS SOLITARIAS DE MELIDE

Xa temos falado das gaivotas en Ons e en Cíes, sobre todo no que respecta á súa alimentación. Pero ultimamente, aos poucos nudistas que quedan por Melide, vénlles outra preocupación, as Gaivotas Solitarias. Son gaivotas femia que, ao non atopar parella para reproducir, enseguida buscan un apaño. Así que, a partires de agora, ao carón de ter coidado cos bocadillos, croissant,..., e cámaras de vídeo, hai que estar atentos á *okupación xenital*.



É por iso que pedimos á administración, Parques, que se preocupe de que esa embarcación, símbolo etnográfico e económico auniense, non desapareza.

Sabemos que mentres Cesáreo estea con forzas, a pesar da súa idade, esa dorna estará

A DORNA DE CESÁREO

Hai arredor de 180 anos que arribaron a Ons as primeiras dornas polbeiras coa instalación dunha fábrica de salga na illa.

En poucos anos multiplicáronse, chegando a haber máis de 100 dornas, máis dunha por casa, debido a que en moitas vivendas vivían dúas e ata tres familias.

Coa chegada dos barcos a motor e a falla dun peirao en Ons, as dornas foron esmorecendo e hoxe, 2023, só queda a de Cesáreo, o auniense máis popular, carismático, querido,..., e mediático .

A súa dorna, hoxe na 7º lista, é a única en activo de Ons.



en activo, aínda que necesitará axuda para o seu mantemento, polo cal, solicitamos a Parques que poña todos os medios necesarios para que a <Carmen> non desapareza das augas de Ons ata que o seu bisneto, tamén Cesáreo de nome, poda facerse, pola súa idade, co patroneo desta emblemática embarcación.

Sigo pensando que a Dorna nunca debeu perderse da Illa, solucións para que non ocorrera sempre houbo, o que fallaron foron as cabezas pensantes dentro da Consellería de M. Ambiente, que provocaron a súa desaparición.

A HISTORIA DUNHA MESA DE PEDRA EN ONS

“A MESA DOS PineirÓns”

Foi a principios dos 90 s.XX, cando a Manuel Otero, cariñosamente o Gharulo, ocorreuuse poñer na terraza de Casa Acuña, na parte paralela ás instalacións de Parques, unha enorme pedra de máis de 3 metros de longo por 1´5 de ancho aprox. que facía de mesa para os clientes.

Á nosa cuadrilla illán tomouna como lugar de estancia, sobre todo nas noites de “discoteca” na de Acuña, pois abrindo as ventás que daban a ela, escoitabamos a música perfectamente, estábamos comodamente sentados e ata bailábamnos alí. Foi nesa mesa cando un 18 de xuño de 1998 esa cuadrilla de visitantes asiduos e con inquietudes culturais, decidiron formar a Asociación Cultural **PineirÓns**.

Nela levaron as reunións e conversas necesarias para concretar os obxectivos da asociación, elaborar os Estatutos e preparar toda a documentación necesaria para a súa legalización. Sobre esa mesa, os veráns, tiñamos as reunións necesarias para organizar e programar as actividades a levar a cabo durante o ano.

Ao ano seguinte, 1999, a empresa Acuña pon en funcionamento un barco de pasaxe, <Soy de Ons>. Á inauguración foron invitados os membros de **PineirÓns**. Na comida celebrada en Casa Acuña e despois das palabras da xerente da navieira, o Presidente de **PineirÓns** aproveitou a ocasión para presentar a Asociación, onde comentou que fóra nesa mesa de pedra onde se constituirá; ao que Manolo Otero, diante de todos os alí presentes, dixo: - Esa é a mesa dos PineirÓns. E así lle quedou o nome.

Uns anos despois e por mor dunhas reformas na terraza, a mesa dos **PineirÓns** pasou a ocupar o lugar no que hoxe se atopa, fronte ao restaurante Casa Acuña. Manolo Otero díxonos: - Cambiei a Mesa dos PineirÓns para un mellor lugar. Foi nese intre cando o seu fillo Manolito (que hoxe rexenta o Restaurante O Pirata), por motu proprio, é dicir, pola súa propia iniciativa e debido á boa sintonía que tiña e ten cos membros de PineirÓns, mandou facer unha Placa Conmemorativa de pedra e poñer nela o nome de: **PineirÓns 99**, que colocou ao fronte da mesa, mirando cara ao camiño.

Esa acción, non significaba nin moito menos, que esa mesa pertencera aos PineirÓns e fose do seu uso exclusivo, máis ben ao contrario, era empregada por todo aquel que quixera utilizala.

Pois ben, este verán, 2023, dende Casa Acuña, decidiron poñer sobre a Placa Conmemorativa outra que pon **Artesáns de Ons**, ao ser estes os que, despois do seu traballo, á noiteña, séntanse alí a tomar unhas cervexas.

Pensamos que foi unha decisión pouco acertada, pois hai sitio de abondo para que as dúas placas estiveran xuntas. Os PineirÓns e os Artesáns, lévanse de marabilla, polo que non habería atranco ningún.

Unha pena esa medida tomada, que seguro foi provocada por algunha persoa, allea aos Acuña, que ignorante da historia de Ons, quixo facerse o gracioso, e fixéronlle caso; o malo é que o feo fixéronllo a Manuel Otero (E.P.D) que foi o que puxo o nome de <Mesa dos PineirÓns> e a Manolito Otero, o seu fillo, que foi quen doou a Placa.



A mesa dos PineirÓns no seu lugar actual. Nela, membros de PineirÓns, veciños e Manuel Otero (no círculo), o día que estreábamnos a camiseta do Robalín Pelegrín.



Nova placa colocada, sobre a orixinal de pedra dos PineirÓns, este verán de 2023.



O Gran Maqui patroneando o iate co que está a dar a Volta ao Mundo. Todo un Capitán.



O 25 de xullo celebrouse na Illa de Ons por todo o alto, con grande Festa onde non faltaron gaitas, bombos, tamborís, pandeiretas e cunchas.

Como xa temos dito moitas veces, Ons é un paraíso natural, etnográfico e histórico, pero onde tamén a xente sabe divertirse dun xeito respectuoso co medio, dentro dun Parque Nacional.



ROBERTO VILAR

Cando o director deste minixornal e o seu compadre Anxo atopábanse comendo no chiringuito da Praia das Pipas “O Areaso” de O Grove, achegóuselles o televisivo Roberto Vilar (TVG. <Land Rober> e <Quen Anda Aí>). Non tiña outra lideira que fotografarse con eles e conseguir a magnífica revista cultural “AUNIOS”.

Non houbo problema ningún e alí marchou máis contento que un cuco, coa fotografía feita e con dous exemplares da revista.


CARABELAS PORTUGUESAS

Aparece un bo número de medusas, das coñecidas como Carabelas Portuguesas (*Physalia physalis*), nas augas próximas ás illas do Parque Nacional das Illas Atlánticas, concretamente, preto das Cíes.


Segundo podemos ler sobre ela: “Os seus tentáculos están provistos de cápsulas urticantes denominadas cnidocitos que poden paralizar a un grande peixe e afectar seriamente ao ser humano”.

Haberá que ter moito coidado.

Fotos: Enviadas por Alvarito recollidas ao carón das Cíes



eses barrios, pois levantan un polvo que fai imposible o colgar a roupa e mesmo respirar.



Aparece unha moderna “Calzada Romana” no barrio de Pereiró. Grazas a ela o Gran Cesáreo pode subir a boxes o seu “cabalo” de dúas rodas.



Unha boa cantidade de muxos a carón do peirao de Ons. Están como atordados. Por que será?



O Gran Mallo captura dous congros dunha considerable envergadura. Guisadiños con arroz, boas caldeiradas han de dar.

Un novo vixilante que, dende o muro das habitacións de O Pirata, vixía e controla que tanto no servizo de Primeiros Auxilios como nas latrinas, todo funcione como é debido.



A ver quen se atreve a dicir que NON.
Se o di San Xaquín, que pronto terá a súa festa, é <Palabra de Deus>.





AS RODEIRAS DE CURRO A CANEXOL

Dende Pineiróns, levamos anos reivindicando que as rodeiras iniciadas nos anos 80 s.XX e que tan bo resultado deron para a circulación de tractores e vehículos oficiais de Curro a Canexol, continuaran ata o Campamento da Xunta de Pereiró e así evitar a continúa deterioración do camiño, os seus arranxos anuais co gasto conseguinte e o malestar dos veciños da zona polo levantamento de polvo que provoca sucidade na roupa a secar, nas ventas e fachadas,..., e ata problemas respiratorios na veciñanza.


Na foto podemos ver que as rodeiras, co tratamento profesional da zona de terra, crearía un pequeno céspede, que unido a un circular tranquilo dos vehículos, como debería ser nun Parque Nacional, traería unhas condicións idóneas para a veciñanza.

Está claro que, o a profesionalidade dos dirixentes non é a adecuada ou os cartos invístenos só na corta de árbores.

SALA ETNOGRÁFICO ARQUEOLÓXICA NO CENTRO DE VISITANTES

O pasado ano o Presidente da Xunta, Sr. Rueda, prometeu montes e moreas de inversións para o Parque e Ons en particular. Entre elas, o Director do Parque prometeu que este ano 2023 habería no Centro de Visitantes unha magnífica sala dedicado a temas etnográficos e arqueolóxicos.

Pois, nin as promesas do Sr. Rueda se cumpriron nin tampouco as do Director, polo menos no mes de xullo nada había. Sen esquecermos de charlas aos veciños sobre temas do lixo, nin a musealización do Castro dos Mouros, nin a charla dos arqueólogos,....



CANTO DURARÁ?

Despois dos temporais deste inverno, así quedou esta árbore de Curro. Coido que ningún especialista mirou a súa posible recuperación. Pasará deste inverno?



BARRIO DE CURRO

Así mirábase este barrio. En pouco seica vai sufrir un cambio por mor de aproveitar as subvencións que veñen de Europa. Vemos o chan, quizais non sexa o máis adecuado para unha arquitectura popular en Ons, pero, comparado co que vai de Chan da Pólvora ao Faro, é unha marabilla. Sen embargo vai desaparecer e o que está en mal estado vai quedar. Así están as cousas. Que opinará o concello de Bueu?